

Restablecido abastecemento no Hío e Aldán dende as 16.30 horas



Operario da compañía unha vez rematada a reparación. Foto: Punto GA/M. Riopa

- **Conclúen horas de traballo de reparación urxente dende esta mañá**

22.11.2023. Concluíu ás 16.30 horas a reparación da liña xeral de abastecemento de Cangas que percorre o Camiño Vello de San Roque, co que queda restablecido o servizo de auga para as parroquias de Aldán e O Hío e os lugares de San Roque e Liméns. A subministración quedou interrompida este mediodía debido á rotura da tubería, cando se iniciou a reparación que en principio estaba prevista para as 22.00 horas desta noite.

UTE Gestión Cangas agradece aos seus equipos a intensidade do traballo realizado e lamenta as molestias ocasionadas aos usuarios afectados de Cangas do Morrazo.